



Propaganda Electoral



**UN PAÍS
NOVO**
Anxo Quintana

Anxo Quintana, candidato do BNG á presidencia da Xunta

“Un presidente nacionalista é a mellor garantía de que Galiza se faga respectar”

Ten 46 anos e lidera a alternativa nacionalista a un PP que xa non é quen de frear os desexos de mudanza da sociedade galega. Traballa 17 horas diarias para facer realidade o cambio galego, o cambio que traia respecto para o noso país. E está convencido de que os galegos e as galegas apoiarán ao BNG o 19 de XUño porque “un presidente nacionalista é a mellor garantía de que Galiza ocupe outro lugar institucional no Estado e que dese xeito se incremente moi notabelmente o benestar dos galegos e das galegas”.

Que entende o BNG por “cambio galego”?

Entende, como ben resume o noso lema, un país novo; que a partir do 19 de Xuño se debuxa outro escenario en Galiza que poña fin definitivamente a máis de 15 anos de “era Fraga” e abra un futuro esperanzador para o desenvolvemento do país, para o benestar da súa xente, para a dignidade das institucións, para a rexeneración democrática... en definitiva, para garantir o respecto polo que é noso e que isto se faga, obviamente, en chave nacionalista.

Por que cre vosté que é tan importante que no goberno alternativo ao PP a presidencia a ostente un nacionalista?

Porque só un nacionalista terá como obxectivo prioritario Galiza, sen condicionantes externos. Unha presidencia do BNG garantiría que se traballase por, para e dende o País; nós non estaríamos supeditados ao Goberno central e poderíamos esixir e demandar o que nos corresponde por dereito, non por “trato de

favor” dun suposto goberno amigo. Nós non somos unha sucursal de Madrid e por iso somos os que mellor podemos representar e defender os intereses dos galegos e galegas.

Fáleme dos eixos fundamentais do programa do BNG

É un texto que busca, por riba de todo, restaurar a democracia na nosa sociedade e nas nosas institucións, através dunha acción de goberno respeitosa coa cidadanía e garante dos seus dereitos. Tamén nos comprometemos a situar os temas sociais entre os asuntos prioritarios desta acción de goberno, para facer de Galiza un país onde pague a pena vivir. Para isto debemos contar cuns servizos sociais, públicos e sanitarios avanzados; unha política laboral eficiente, que poña fin á sangría migratoria da nosa mocidade, e un sistema educativo acorde cos tempos, que combata o fracaso escolar e prepare xente competitiva, ao nivel dos países máis desenvolvidos. As políticas para a recuperación dos nosos sectores productivos, a preocupación polo meio ambiente e, por suposto, as propostas para acadar máis autogoberno e para mellorar o equilibrio territorial tamén articulan a nosa proposta programática, que non é un “texto impreso”, senón un auténtico compendio de medidas factíbeis e realistas que nós nos comprometemos a levar a cabo.

Por que cre que Fraga se resiste a debater con vosté?

Precisamente polo que acabamos de falar. Porque Fraga non ten un programa críbel que defender, o seu proxecto está esgotado. Despois de 15 anos de

Mitin do BNG

Día 17 de Xuño, ás 21:00 h. no Teatro Principal

Falarán: Carme Adán e Gonzalo Constenla



Propaganda Electoral

opacidade e clientelismo, despois dunha práctica política caracterizada polo rodillo e o decreto, que foi a responsábel de que o noso país figure sempre nos postos de cola de case todos os indicadores económicos e sociais, ao PP non lle queda moito por facer, porque a xente, ademais, está farta. A xente xa non ten medo, precisa ilusión, precisa renovación, precisa futuro e Fraga e o PP son pasado. Fraga é consciente disto, ve, coma nós, que vai haber cambio e por iso non quer dar a cara.



Como pensa o BNG conseguir que Galiza pese máis no conxunto do Estado?

O indispensable, para empezar, é que Galiza conte cun presidente nacionalista, que non se deba a ninguén e poida chegar a Madrid a esixir con espírito construtivo pero, ao tempo, con firmeza. Xa teño posto como exemplo, pero me parece moi significativo, a comparación entre o espectáculo lamentábel que vivimos coa "suposta" visita e debate de Solbes con Fraga e a entrevista de Zapatero con Ibarretxe. Mentres a Fraga se lle tomou o pelo, porque non se fai respectar, con Ibarretxe houbo, cando menos, diálogo. Este é o trato que queremos nós para Galiza e polo que imos traballar, estar ao mesmo nivel que as restantes nacionalidades históricas, Catalunya e Euskadi. E como se fai? Algúns pasos xa temos dado, por exemplo coa miña recente participación no Senado, falando co presidente do goberno do Estado sobre o autogoberno do noso país. Ese día fomos quen de rachar a invisibilidade que a política galega ten no conxunto do Estado. Acadamos colocar a Galiza dentro do debate cunha proposta de autogoberno propia. Foi a a imaxe dun futuro, o inicio dun camiño que contamos poder seguir facendo apartir do 19 de xuño, coa forza que dá o goberno da Xunta.

Outro dos temas a debate na actual campaña é o da necesaria reformulación do marco estatutario vixente, como se vai afrontar este reto dende un

gobierno nacionalista?

Nós temos os deberes feitos ou, alomenos, moi adiantados a este respecto e lamentamos que o noso convite ao PP e ao PSdeG para comezar este necesario traballo fose rexeitado ou se lle puxese freo por cuestións partidistas e eleitoristas. Véxase senón a cantidade de iniciativas apresentadas polos nosos compañeiros do grupo parlamentar co obxecto de abrir o debate, durante a lexislatura que rematou, e que sempre foron rexeitadas. Dende o primeiro momento dixemos que queríamos unha posición común, chegar a un consenso e que este se debatise en sede parlamentar. Mantemos a nosa oferta, dende os nosos postulados que xa fixemos públicos na Declaración de Rianxo e que teñen que ver coa negociación e redacción dun novo texto á marxe do debate electoral, coa creación dunha comisión do Estatuto no Parlamento e coa celebración dun referendo ante a cidadanía unha vez que sexa aprobado polas Cortes, tras obter o consenso reforzado da Cámara galega.

Gonzalo Constenla, Candidato ao Parlamento Galego



Son moitos os anos que Gonzalo Constenla, Porta-voz Municipal do BNG na Estrada, ten dedicado á política activa desde un ámbito máis local. Agora o Bloque confía na súa valía e experiencia para defender A Estrada e a súa comarca desde unha instancia



Propaganda Electoral

superior, o Parlamento de Galiza.

Como afrontas este novo repto na túa traxectoria política?

En primeiro lugar éncheme de orgullo e satisfacción que o BNG confiara en min para incorporarme a súa candidatura por Pontevedra nun posto con altas posibilidades de saír, un posto de grande responsabilidade que servirá para achegar ao Parlamento os problemas dos viciños e viciñas da Estrada. Pero non só os problemas, senón que desde unha óptica de goberno, porque penso que o BNG está en disposición de acadar o goberno galego a partires do 19 de xuño; tentaremos que A Estrada non pase desapercibida para a nova Xunta de Galiza, como aconteceu nestes últimos anos. Polo tanto, afronto estas eleccións con moito optimismo e esperanza no futuro, para que desde o goberno galego teñamos un País Novo, e por suposto, unha A Estrada Nova.

Sería a primeira vez que A Estrada conte cun Deputado de seu?

Non, non; nesta legislatura que acaba de rematar o noso Concello contaba cun deputado, que ademais era Conselleiro, o Sr. Palmou, máis polo que se viu, A Estrada non saíu precisamente beneficiada, nin se miraron acaídamente os problemas do noso Concello, nen sequer os máis evidentes; por exemplo, podo dicir que foi o BNG que no Pleno do mes maio do ano pasado lle fixo ver ao Sr. Alcalde que a estrada comarcal Santiago-A Estrada, competencia da COTOP, estaba nun estado lamentábel; e isto é só un pequeno exemplo: véxanse, se non, as continuas emendas aos Orzamentos da Xunta para traer máis investimentos para A Estrada que o PP en pleno rexeitou, incluído o seu deputado da Estrada. O Sr. Palmou, que ademais de Conselleiro é Secretario Xeral do PP, estaba máis ocupado en solucionar os problemas internos do PP que en arranxar os problemas da Estrada, aínda que para iso foi elixido.

O noso Concello necesita máis emprego para que non emigren máis mozos/as, que fará o BNG para paliar este problema?

A sangría migratoria dos nosos mozos e mozas no noso Concello é moi elevada, necesitamos freala, e para iso necesitamos crear emprego, que é unha das prioridades do BNG. E o emprego vén da man das empresas. Criaremos máis solo industrial e por suposto solo público, solo máis barato para favorecer a implantación das empresas, porque o BNG concibe a política de solos industriais non como un gasto se non como un investimento; A Estrada necesita terreo industrial que sexa barato para atraer ás empresas e

xerar emprego, e evitar, por outra banda, que estas se sitúen fóra dos polígonos industriais que lle resultan máis asequíbeis. Por outro lado, o pulo á política industrial e de promoción do desenvolvemento económico estruturámola en diferentes niveis: por un lado, aquelas medidas de carácter transversal ou horizontal que van dirixidas ao conxunto do tecido produtivo, que se poden plasmar en actuacións a nivel sectorial ou a nivel de empresa e, por outro lado, os planos de actuación específicos para cada sector que deberán ser elaborados e desenvolvidos en estreito diálogo e colaboración coas empresas e axentes sociais de cada un dos sectores, como por exemplo o sector do Móbel aquí na Estrada. O BNG apoiará decididamente o Parque Empresarial Especializado do Móbel, e desde o goberno, faremos un especial seguimento para que este sexa un realidade, máis alá das promesas doutros.



Pero no agro tamén hai emprego, o BNG ten que evitar que sen perdan máis...

Certo. Neste últimos 16 anos de goberno de Fraga o agro galego experimentou un retroceso brutal que se reflicte na perda de explotacións agrarias. Ademais, o sector agrario galego sufriu unha notábel contracción da produción e da renda, o que provocou unha forte diminución do seu peso no contexto estatal e europeo. A esa regresión do sector agrario únese a extrema debilidade da industria agro-alimentaria, como ilustra o exemplo do sector lácteo: producindo o 35 % do leite no Estado, a industria láctea radicada en Galiza só supón o 6 % da española en termos de VAB e



Propaganda Electoral

emprego, e dela, menos da quinta parte está ademais en mans de grupos de capital galego; con Fraga desapareceu gran parte do capital autóctono. O BNG creará un banco de terras, que poña a disposición dos agricultores terra que hoxe están a monte; o BNG creará axudas para a instalación de agricultores mozos/as; Apoio á creación de cooperativas de explotación en común; Fomento da gandaría extensiva, ... e un longo etc. Con estas e co cento de medidas que figuran no noso programa, o BNG, de acadar o goberno o 19 de xuño, freará a caída en picado do emprego, do despoboamento e o deterioro do noso rural.

O BNG leva ao Congreso os desperfectos causados pola construción da AP-53

A deputada do BNG no Congreso dos Deputados, Olaia Fernández Davila, vén de rexistrar unha proposición non de lei e unha pregunta parlamentaria, na que insta ao Ministerio de Fomento a atender as demandas plantexadas polos veciños de Orazo e Agar, principalmente, debido aos problemas que xerou a construción da AP-53.

Neste sentido, a deputada nacionalista propón ao Ministerio unha serie de medidas para solucionar os prexuízos que están a provocar estas obras:

"É preciso que se acondicionen os accesos a todas as leiras colindantes coa AP-53 ao seu paso polo concello de A Estrada, hai que repór os camiños afectados por estas obras, canalizar as augas, repór as traídas de augas, que unha equipa técnica revise todos os efectos consecuencia destas actuacións e é importante que se actualicen os títulos de propiedade".

Olaia Fernández Davila traslada ao Ministerio de Fomento o malestar dos veciños afectados polas obras de AP-53 á altura de A Estrada que xa se teñen dirixido aos diferentes responsábeis para reivindicar solucións a todos os problemas consecuencia destas obras.

"A maior parte dos problemas están relacionados co deterioro do entorno: non se fixo ningún estudo hidrolóxico e orográfico sobre a zona, e agora pode haber incluso perigo de inundacións e corrimento de terras a causa das grandes concentracións de augas de choiva sen canalizar e camiños intransitábeis debido ás pendentes", sinalou Davila.

O BNG esixe ao PP que clarifique antes das eleccións a ampliación da Alameda

O BNG recórdalle Sr. Alcalde da Estrada e ao grupo de goberno do PP que antes das eleccións galegas debe estar perfectamente claro cal vai ser o futuro dos terreos que colindan coa Alameda, xa que agora non vale o que ocorreu no 2003 que primeiramente anunciaban que ían ampliar a alameda até a rúa Castelao, e despois das eleccións apréséntase un proxecto de construción de vivendas e de aparcadoiros soterrados, proxecto que agora defende o PP.

O proxecto que a familia Campos Paseiro presentou prevé a construción de unha praza pública, galería de baixos comerciais, dúas prantas de aparcadoiros soterrados e un edificio de 6 prantas. O BNG considera que este proxecto é aberrante e unha barbaridade e considera que o proxecto de ampliación da alameda é un berro unánime dos veciños e veciñas da Estrada.

Ainda seguimos co IBI a voltas

O Pleno da Corporación Municipal celebrado o luns 9 de maio, aprobou por unanimidade unha moción do BNG na que se insta ao goberno central do PSOE a retirar o recurso que presentou contra a modificación da ordenanza pola cal se reduciron na Estrada os recibos do IBI.

Desde o BNG temos confianza en que no PSOE se pase do talante aos feitos e, coa retirada do recurso xudicial, se poida abrir unha vía de negociación para darlle unha solución definitiva ao problema, que pasaría por facer unha revisión dos valores catastrais axustados aos valores reais de mercado.

Se desexas recibir máis información, escríbenos indicando os seguintes datos:

Nome e Apelidos: _____

Enderezo: _____

CP: _____ Localidade: _____

Bloque Nacionalista Galego de A Estrada
R/ Xusto Martínez, 12-1º - 36680 A Estrada
Teléfono: 986590002
Correo: estrada@bng-galiza.org